



Concello de Xinzo de Limia

NOTIFICACIÓN COLECTIVA PROCESO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA PROFESOR/A DE CLARINETE , MEDIANTE CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA , CONVOCATORIA PUBLICADA NO DIARIO “LA REGIÓN” DE DATA 3/09/2022 (ARTIGO 45 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO DE PROCEDEMENTO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS)

Por **Decreto de Alcaldía** de data 16/09/2022 no que resolveuse:

“(…) **RESOLUCIÓN DE CONTRATACIÓN.**

Vista Acta do Tribunal de Selección de data 13/09/2022 do seguinte teor literal:

“ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía de 02.09/2022 na Sala de Xuntas da Casa do Concello, excusan a súa ausencia dona Mónica Legaspi Díaz, por motivos profesionais, e dona Rosa Rodríguez Castro, por motivos personais, asintindo por vía telemática don D. José Javier García Gago e don Francisco Javier Rodríguez-Nova González entendéndose o Tribunal válidamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as 13,45 horas do día **12 de setembro de 2022**, procédese ao exame da documentación presentada polos/as aspirantes para tomar parte na constituir unha **bolsa de traballo para cubrir as ausencias da profesora de clarinete do conservatorio municipal** que se poidan producir por diferentes causas, axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal,, coas adaptacións oportunas recollidas no Decreto de Alcaldía de data 02.09.2022, actualizado consonte as previsións do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexilativo 5/2015 de 30 de outubro.

Procédese polo Tribunal ao exame da documentación presentada polos/as aspirantes admitidos para tomar parte no mentado concurso de méritos valorado (a consecuencia dun fallo técnico no funcionamento do fax, admítense todas os aspirantes que presentaron a documentación en prazo).


BAREMACIÓN:

NOME	APELLIDOS	DNI	CIRCUNS. PERSOAIS						EXP. PROF		MERITOS ACD			PUNTUACION TOTAL
			a	b	c	d	e	f	a	b	a	b	c	
CRISTINA	BLANCO CID	***4519**							0,3	0,3	3		0,75	4,35
MIGUEL	MOREIRA MATA	***8207**							0,6		1,9	1,75	0,75	5
SAÚL	PUENTE-DODD ÁLVAREZ	***257**									0,1		0,75	0,85

Proposta do Tribunal:

Efectúase a seguinte proposta á alcaldía:

Constituír bolsa de traballo indicando que a orde de chamamento dos aspirantes será a que na mesma figura, consonte a valoración obtida no concurso de méritos.





Concello de Xinzo de Limia

1	MIGUEL	MOREIRA MATA
2	CRISTINA	BLANCO CID
3	SAÚL	PUENTE-DODD ÁLVAREZ

(...)"

Visto Decreto de Alcaldía de data 16/09/2022 do seguinte teor literal:

"DECRETO CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO DOCENTE CLARIENTE

Visto Decreto de Alcaldía de data 02/09/2022 en virtude do cal aprobáronse as bases e realizouse a convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Traballo para cubrir as ausencias da profesora de clarinete do conservatorio municipal.

Vista a acta do Tribunal de selección de data 13/09/2022

Visto que os dous primeiros aspirantes de maior puntuación presentaron respectivamente solicitude de suspensión de chamamento por estar traballando neste momento.

Considerando que na tramitación do expediente observáronse ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia, en virtude das facultades que me outorga o artigo 21.1 h) e s) da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 41.14 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, veño en **RESOLVER:**

1º.- Constituír **BOLSA DE TRABALLO PARA DOCENTE CLARINETE**, coas seguintes integrantes e pola seguinte orde:

1	MIGUEL	MOREIRA MATA
2	CRISTINA	BLANCO CID
3	SAÚL	PUENTE-DODD ÁLVAREZ

2º.- Aceptar a suspensión de chamamento solicitada polos aspirantes seleccionados en primeiro e segundo lugar, indicando que estes aspirantes permanecerán na Bolsa de Contratación, polo que poderán acudir o seguinte chamamento o traballo que se realice.


3º.- Comunicar o presente acordo ao Departamento de Persoal.(...)"

Considerando que a tramitación do expediente axustase ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia.

Pola presente e de conformidade coas facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 41.14 do R.D. 2568/1986 así como no artigo 21.1 h) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, veño en resolver:

1º.- Seleccionar ó seguinte candidato: don Saúl Puente-Dodd Álvarez, DNI ***6257**, para a realización dun contrato de substitución para a docencia de clarinete no conservatorio municipal , coa seguinte causa: necesidade de cobertura da ausencia da titular da praza ata a reincorporación da mesma.

2º.- Sinalar ao candidato seleccionado que deberá achegar antes da respectiva contratación nun prazo





Concello de Xinzo de Limia

non superior a tres días hábiles dende a notificación desta resolución a seguinte documentación:

- Fotocopia da cartilla de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado do N° de Conta Bancaria para facer o ingreso da nómina.

3º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, durante dez días naturais, expresando o réxime de recursos que contra a mesma caiban, así como darlle traslado ó aspirante seleccionado para que achegue en prazo a documentación sinalada.”

(...)”

RECURSOS: *Contra o contido do mencionado acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer de xeito potestativo o RECURSO DE REPOSICIÓN diante do mesmo órgano que o ditou e no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso de reposición entenderase desestimado se no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á interposición, o órgano competente para resolve-lo non ditara e notificara resolución expresa.*

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, ou ben directamente (sen recurso administrativo), poderá interpoñer o RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO diante do Xulgado Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, prazo que será de seis meses no caso de non resolverse de xeito expreso o recurso de reposición, contados a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto; todo isto de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Advérteselle tamén que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer-las accións que procedan diante da Xurisdición competente.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: 7LFGNNQTRXNZFHJERSJRT7DGR | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3